

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**10220** *Real decreto 1011/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a Oficina de Cambios de Subministrador.*

#### I

A Directiva 96/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 1996, relativa a normas comúns para o mercado interior da electricidade, estableceu as bases para a creación do mercado interior da electricidade na Unión Europea.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas disposicións normativas de desenvolvemento, estableceron o réxime xurídico das actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica, consistentes na súa xeración, transporte, distribución, comercialización e intercambios intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico, de acordo coas previsións contidas na dita Directiva 96/92/CE.

Posteriormente, a Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, estableceu novas normas comúns para completar o mercado interior da electricidade e derogou a Directiva 96/92/CE, introducindo modificacións significativas para asegurar un acceso eficaz e non discriminatorio ás redes dos distribuidores.

Esta Directiva 2003/54/CE foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 17/2007, do 4 de xullo, que modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Como complemento ao obxectivo que persegue a directiva do acceso eficaz e non discriminatorio ás redes dos distribuidores, o novo artigo 47 bis da Lei do sector eléctrico creou a Oficina de Cambios de Subministrador, unha sociedade mercantil independente con obxecto social exclusivo, que realiza as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade, e responsable da supervisión dos cambios de subministrador, á cal o Goberno pode encomendar funcións de xestión directa dos cambios de subministrador. A citada oficina, para o exercicio das súas funcións, ten acceso ás bases de datos de puntos de subministración das empresas.

De acordo co novo artigo 3.5.i) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, corresponde á Comisión Nacional de Enerxía a supervisión do cumprimento da normativa e procedementos relacionados cos cambios de subministrador, así como a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

Por último, débese sinalar que, en virtude do artigo 60.a).6 da dita norma legal, constitúe unha infracción administrativa moi grave o incumprimento das limitacións establecidas en canto á participación no accionariado da Oficina de Cambios de Subministrador, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores.

#### II

Polo que respecta ao sector de hidrocarburos, a Lei 34/1998, do 7 de outubro, e as súas normas de desenvolvemento, estableceron o réxime xurídico das actividades de transporte, distribución, almacenamento, regasificación e fornecemento dos suxeitos que interveñen no sistema gasista, de acordo co disposto na Directiva 98/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e definiron claramente as funcións e responsabilidades de todos os axentes que interveñen no sistema gasista.

A posterior Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e pola que se deroga a Directiva 98/30/CE impuxo as obrigas de separación xurídica no mercado liberalizado das actividades de transporte, distribución, regasificación ou almacenamento

por unha parte, das actividades de produción ou fornecemento de gas natural, por outra, e a obriga de separación funcional.

Por iso, a Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e pola que se derroga a Directiva 98/30/CE, modificou o capítulo II do título IV da lei, redefinindo as actividades dos diferentes suxeitos que actúan no sistema gasista, establecendo unha separación xurídica e funcional das denominadas «actividades de rede» das actividades de produción e fornecemento, e eliminando a posible competencia entre os distribuidores e os comercializadores no sector do fornecemento, coa previsión da desaparición do sistema de tarifas e a creación dunha tarifa de último recurso a que se poden acoller aqueles consumidores que se consideren en función da situación e evolución do mercado.

Igual que para o sector eléctrico, coa introdución dun novo artigo 83 bis na referida Lei do sector de hidrocarburos, creouse a Oficina de Cambios de Subministrador, unha sociedade mercantil destinada a garantir que o dereito ao cambio do subministrador dos consumidores de gas se exerza baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia, e que realiza as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade.

De acordo co novo artigo 3.4.i) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, correspóndelle á Comisión Nacional de Enerxía a supervisión do cumprimento da normativa e procedementos relacionados cos cambios de subministrador, así como a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

Por último, débese sinalar que en virtude do artigo 110.t) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, constitúe unha infracción administrativa moi grave o incumprimento das limitacións establecidas en canto á participación no accionariado da Oficina de Cambios de Subministrador, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores.

### III

A Oficina de Cambios de Subministrador constitúe unha novidade non só no panorama enerxético español senón tamén no dos países da nosa contorna. No dereito comparado diversas solucións foron e son as adoptadas para resolver a cuestión do cambio de subministrador.

En Alemaña non existe unha entidade pública ou privada responsable do cambio de subministrador, senón que o procedemento de cambio se desenvolve directamente entre as partes afectadas. A Axencia Federal de Redes (Bundesnetzagentur), como autoridade reguladora, ten a potestade de fixar principios e regras xerais vinculantes sobre o procedemento de cambio de subministrador, pero non intervéñen no concreto procedemento de cambio.

En Francia coexisten diversos organismos con competencias no sector enerxético. Dunha parte a Commission de régulation de l'énergie, equivalente da Comisión Nacional de Enerxía española, é a autoridade supervisora do sector eléctrico e do gas. A lexislación francesa creou o Mediateur de l'énergie, como defensor do consumidor en materia de enerxía, pero non prevé, porén, unha figura similar á Oficina de Cambios de Subministrador.

Holanda carece dun único organismo público ou privado encargado de rexistrar os cambios de subministrador. Coexisten diversos rexistros descentralizados de electricidade e de gas controlados polas compañías responsables da distribución e fornecemento, xeralmente sociedades de responsabilidade limitada, titularidade de entes públicos, municipios ou provincias. Un ente único (Energie Data Services Nederland BV), con forma de sociedade mercantil, é o que opera como canle de comunicación entre as partes implicadas nos cambios de fornecedor. Non obstante e aínda que canaliza a información, non xestiona oficialmente un rexistro.

No Reino Unido si existe, en cambio, unha Oficina para o Gas e a Electricidade (Office for Gas and Electricity), con funcións de regulación das compañías que operan no sector. Correspóndelle a expedición e modificación de licenzas, a investigación e revogación de licenzas por incumprimentos dos licenciarios e a realización de controis de prezos. A Oficina é dirixida pola Autoridade dos Mercados de Gas e Electricidade. Colaboraba coa Oficina a entidade denominada Energywatch, responsable da supervisión en materia de cambios de subministrador, ata a entrada en funcionamento de Consumer Focus, organismo que integra os organismos de defensa dos consumidores en varios sectores. Non obstante, a pesar das competencias da Oficina e Consumer Focus, non existe realmente unha entidade ou oficina directamente responsable do cambio de subministrador, pero si compañías privadas que prestan servizos de apoio ao cambio de subministrador.

Por tanto, a Oficina de Cambios de Subministrador que se regula agora mediante este real decreto constitúe unha novidade non só no dereito español senón tamén no dos países da nosa contorna, ao configurarse como unha sociedade mercantil anónima que realiza as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade e cuxo obxecto social exclusivo é a supervisión dos cambios de subministrador.

#### IV

O lexislador encomenda á Oficina de Cambios de Subministrador a responsabilidade da supervisión dos cambios de subministrador conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia, remitíndose ao instrumento regulamentario para o desenvolvemento desta previsión, e faculta o Goberno para encomendar á Oficina de Cambios de Subministrador funcións de xestión directa dos cambios de subministrador nas condicións que regulamentariamente se determinen. Este real decreto ten por finalidade o cumprimento dese mandato.

Estrutúrase en once artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras. O corpo da norma aborda as cuestións relativas á natureza, composición e funcións da Oficina. Tamén regula o procedemento de formulación de discrepancias, suxestións ou observacións que cada un dos socios pode formular sobre os proxectos de informes, memorias ou propostas elaboradas pola Oficina, non como un mecanismo de modificación do contido do informe ou proposta, o que non faría senón atrasar a súa emisión, senón como unha sorte de voto particular ou advertencia dos socios discrepantes sobre o seu contido.

O real decreto recolle expresamente o carácter gratuíto do acceso á información para a Oficina de Cambios de Subministrador, consagrando un sistema múltiple consistente en que ademais do acceso ás bases de datos de consumidores e puntos de fornecemento de gas e de electricidade a través de medios telemáticos, a Oficina, como parte das súas funcións, pode solicitar das empresas distribuidoras e comercializadoras a información relativa aos cambios de subministrador que figura en tales bases de datos, a que non figura nelas, e ademais canta información considere necesaria para o cumprimento das súas funcións, sempre relativa aos cambios de subministrador.

Aborda tamén este real decreto a xunta xeral e o consello de administración da sociedade que se constitúe, á cal recoñece autonomía orzamentaria, financiándose sobre a base das cotas dos seus socios, en proporción á súa respectiva participación no capital.

Por outra parte, atribúeselle á Comisión Nacional de Enerxía a supervisión non só da actividade da Oficina de Cambios de Subministrador, senón tamén do cumprimento da normativa e procedementos relacionados cos cambios de subministrador. Así mesmo, facúltase a Comisión Nacional de Enerxía para solicitar, mediante requirimentos concretos e individuais dirixidos ás empresas ou á Oficina toda a información, coa desagregación e formato que determine, relativa aos cambios de subministrador, con exclusión en todo caso da información comercialmente sensible.

Ao anterior engádesse un mandato para que no seo da Oficina se cree un centro de información gratuíta ao consumidor sobre, polo menos, os seguintes aspectos:

procedemento de cambio, requisitos e información para o cambio, prazo e efectos do cambio e relación de comercializadores, se é o caso, de último recurso.

## V

Por outra parte, modifícanse o artigo 43 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e o artigo 7 do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.

Tamén, en cumprimento da medida trixésima do Plan de Activación do Aforro e a Eficiencia Enerxética 2008-2011, aprobado polo Consello de Ministros o 1 de agosto de 2008 e ampliando o seu contido, regúlase a posibilidade de que aqueles consumidores que implanten sistemas de aforro e eficiencia enerxética poidan verter á rede aquela enerxía que non poida ser consumida na súa propia instalación, detraéndoa do seu consumo, o que pode supor un aforro importante para a instalación e para o conxunto do sistema.

Por último, mediante a adición dun parágrafo ao final do número 2 do artigo 10 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía, flexibilízase a implantación de instalacións fotovoltaicas en centros de consumo eléctrico relevantes.

## VI

O real decreto que se aproba responde á necesidade de desenvolver regulamentariamente tanto o novo artigo 47 bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, como o tamén novo artigo 83 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. En ambos os dous artigos se efectúanse tres remisións ao regulamento e, así, establecen, primeiro, que a Oficina de Cambios de Subministrador será responsable da supervisión dos cambios de subministrador conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia, nos termos que regulamentariamente se establezan; segundo, que o Goberno poderá encomendar á Oficina de Cambios de Subministrador funcións de xestión directa dos cambios de subministrador nas condicións que regulamentariamente se determinen e, terceiro, que regulamentariamente se establecerá a información que os diferentes suxeitos deben fornecer á Oficina de Cambios de Subministrador.

Por outra parte, tanto a disposición transitoria primeira da citada Lei 17/2007, do 4 de xullo, como a disposición transitoria terceira da mencionada Lei 12/2007, do 2 de xullo, condicionan o inicio da actividade da sociedade mercantil «Oficina de Cambios de Subministrador» á autorización previa da Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Esta autorización foi outorgada por resolución da Secretaría Xeral de Enerxía do 1 de agosto de 2008, publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 201, do 20 de agosto de 2008.

Tendo en conta o anterior, con este real decreto desenvólvense as funcións da Oficina e determinados aspectos da súa natureza, composición e réxime de funcionamento.

## VII

Foi realizado o preceptivo trámite de audiencia a través do Consello Consultivo de Electricidade e do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios, de acordo co establecido no 5.5 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, se tomaron en consideración para a elaboración do correspondente informe da dita Comisión. Esta, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, 1, funcións segunda e

cuarta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, emitiu o seu preceptivo informe o 29 de xaneiro de 2009.

Así mesmo, o real decreto recibiu o informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do día 18 de xuño de 2009.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente, que serviron de amparo á Lei 17/2007, do 4 de xullo, e á Lei 12/2007, do 2 xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2009,

## DISPOÑO:

### Artigo 1. *Natureza.*

A Oficina de Cambios de Subministrador é unha sociedade mercantil anónima cuxo obxecto social exclusivo é a supervisión dos cambios de subministrador conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

A Oficina de Cambios de Subministrador realiza as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade.

### Artigo 2. *Composición.*

1. No capital da Oficina de Cambios de Subministrador deberán participar os distribuidores e comercializadores de gas natural e de electricidade coas seguintes porcentaxes de participación:

- Distribuidores de enerxía eléctrica: 15%.
- Distribuidores de gas natural: 15%.
- Comercializadores de enerxía eléctrica: 35%.
- Comercializadores de gas natural: 35%.

2. Dentro da cota de cada grupo de suxeitos, a participación correspondente a cada empresa realizarase en función da enerxía que circula a través das súas instalacións, no caso dos distribuidores e da enerxía vendida no caso dos comercializadores, e non poderá resultar unha participación superior ao 20% por grupo de sociedades.

Esta limitación unicamente alcanza á participación total de cada grupo no accionariado da sociedade, e non ás cotas por sectores de actividade.

No caso de que, segundo a enerxía circulante e vendida por un grupo de sociedades, a participación supere unha cota do 20%, o exceso repartirase entre os suxeitos restantes proporcionalmente ás cotas previas.

Anualmente, e con carácter previo á celebración da xunta xeral de accionistas, revisaranse as participacións de cada un dos distribuidores e comercializadores de electricidade e gas a fin de adecualas ás porcentaxes establecidas neste artigo.

3. Só se poderán transmitir accións a favor daquelas persoas xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no número 1 deste artigo, e respectando os límites e as porcentaxes de participación dos accionistas no capital que nel se determinan, sen que se poidan alterar as porcentaxes de capital que legalmente correspondan a cada accionista segundo a cota asignada.

Cada accionista da Oficina de Cambios de Subministrador deberalles vender aos outros accionistas ou a un terceiro, o número de accións que en cada momento sexa necesario para dar cumprimento ás porcentaxes de participación previstas no número 1 deste artigo.



Cada accionista deberá adquirir o número de accións que en cada momento sexa necesario para dar cumprimento ás porcentaxes de participación na Oficina de Cambios de Subministrador previstos no número 1 deste artigo.

Ningún accionista poderá transmitir ou adquirir accións da Oficina de Cambios de Subministrador, nin aos seus accionistas nin a un terceiro, fóra dos casos sinalados nos parágrafos precedentes.

4. Asegúrase o dereito a unha representación mínima a novos entrantes, adecuándose a participación das empresas dentro da cota de cada grupo de suxeitos.

O secretario xeral de Enerxía autorizará ou denegará a proposta que, sobre a participación correspondente a cada nova empresa, presente a Oficina de Cambios de Subministrador.

Esta participación mínima manterase ata que se dispoña de datos de enerxía circulante a través das súas instalacións no caso dos distribuidores, ou de enerxía vendida no caso dos comercializadores, correspondentes a un exercicio completo, e que permitan aplicar o disposto no punto segundo deste artigo.

### Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións da Oficina de Cambios de Subministrador:

a) A supervisión dos cambios de subministrador, conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

b) Promover e, se é o caso, supervisar o intercambio telemático e áxil da información entre os distribuidores e comercializadores.

c) Propor ás autoridades competentes a mellora dos procedementos relativos ao cambio de subministrador.

d) Solicitar das empresas distribuidoras e comercializadoras a información relativa aos cambios de subministrador que figura nas bases de datos de consumidores e puntos de fornecemento de gas e de electricidade, sen prexuízo do acceso a través de medios telemáticos recoñecido no artigo 5.

Así mesmo, poderá solicitar información sobre procedementos relativos a expedientes concretos de cambio de subministrador.

e) Solicitar polo menos trimestralmente ás empresas distribuidoras e comercializadoras a información relativa aos cambios de subministrador que non figura nas bases de datos de consumidores e puntos de subministración de gas e de electricidade e, en particular, sobre o seguinte:

1.º Solicitudes de cambio que se enviaron no período, que foron aceptadas, rexeitadas, pendentes de resposta, pendentes de activación, anuladas, activadas e as faltas de pagamento producidas.

2.º Duración da tramitación das solicitudes de cambio de subministrador.

3.º Número de desestimacións de cambio de subministrador con indicación do motivo do rexeitamento.

4.º Conflitos de acceso cuxa resolución se notificase no trimestre anterior á petición de información.

Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderase modificar a periodicidade ou regularidade da solicitude de información.

f) Demandar dos axentes canta información sexa necesaria para o cumprimento das súas funcións, relativa aos cambios de subministrador, e diferente da sinalada na alínea e) anterior, excluindo en todo caso a información comercialmente sensible.

Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderase determinar a información que non se debe considerar comercialmente sensible.

g) Elaborar de acordo coa información a que se fai referencia nas alíneas e) e f) os informes periódicos necesarios que permitan coñecer o funcionamento real das actividades asociadas ao proceso de cambio de subministrador.

h) Elaborar os informes específicos relativos aos procesos de cambio de subministrador que se requiran por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou da Comisión Nacional de Enerxía.

i) Comunicar todos os informes, memorias e propostas que elabore a todos os socios, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, á Comisión Nacional de Enerxía e ás comunidades autónomas, sen prexuízo da función sinalada na alínea m).

j) Facilitar información e promover a formación nos procedementos tanto aos axentes existentes como a novos entrantes.

k) Acordar a súa organización, o seu funcionamento e a selección e contratación dos medios e recursos necesarios.

l) Aprobar o seu orzamento anual.

m) Elaborar e remitir con carácter anual unha memoria de actividades ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ao Ministerio de Sanidade e Política Social, á Comisión Nacional de Enerxía e ás comunidades autónomas.

n) Difundir á sociedade e asociacións de consumidores a liberalización dos mercados do gas e electricidade.

o) Comunicar os incumprimentos das restricións que se determinen regulamentariamente respecto á posibilidade de realizar contraofertas a clientes.

p) Exixir ao comercializador toda a documentación que precise de acordo coa disposición adicional primeira da Orde ITC/2309/2007, do 30 de xullo, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado á tarifa ao fornecemento de último recurso de gas natural.

Así mesmo, exixir ao comercializador de enerxía eléctrica e ao distribuidor de gas e electricidade toda a documentación que precise para asegurar a adecuada aplicación dos procedementos establecidos para o cambio de subministrador de electricidade.

q) Verificar, mediante o sistema ou sistemas creados ou desenvolvidos pola Oficina, que os consumidores outorgaron o seu efectivo consentimento ao cambio de subministrador.

r) Comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a imposibilidade ou dificultade de acceso ás bases de datos de consumidores e puntos de subministración de gas e de electricidade recoñecida no artigo 5, a existencia de calquera outro obstáculo existente para o normal desenvolvemento da actividade da Oficina e os incumprimentos de procedementos e prazos de que teña coñecemento.

s) Ceder gratuitamente a todos os comercializadores que o soliciten por escrito, en virtude do artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a información relativa á base de datos de fornecemento de calquera empresa distribuidora.

Aqueles a quen se refira a dita información terán dereito de acceso aos seus datos contidos na base de forma gratuíta e, ademais, poderán prohibir por escrito á Oficina de Cambios de Subministrador a difusión dos datos que sinalen expresamente. Neste caso a manifestación escrita do consumidor deberá constar expresamente na base de datos, correspondendo á Oficina de Cambios de Subministrador custodiar unha copia desta solicitude.

Non obstante o anterior, no caso de que o cliente estea en situación de falta de pagamento non poderá prohibir a difusión do seu CUP e da información da dita situación.

#### Artigo 4. *Discrepancias, suxestións ou observacións.*

Os proxectos de informes, memorias ou propostas elaboradas pola Oficina de Cambios de Subministrador serán remitidos a todos os socios antes de que sexan enviados ao órgano ou autoridade destinataria do dito informe, memoria ou proposta.

Recibida copia dos proxectos de informes, memorias ou propostas, todos e cada un dos socios terán dereito a formular por escrito nun prazo de 10 días as discrepancias, suxestións ou observacións que teñan por conveniente, as cales serán anexadas ao contido do informe, memoria ou proposta definitiva, para a súa remisión conxunta nun

prazo de cinco días, contados desde a finalización daquel prazo de 10 días, ao órgano ou autoridade destinataria.

*Artigo 5. Acceso gratuito e telemático.*

1. Para o exercicio da súa actividade, a Oficina de Cambios de Subministrador terá en todo caso acceso gratuito á información.
2. O acceso ás bases de datos de consumidores e puntos de subministración de gas e de electricidade realizarase a través de medios telemáticos, sen prexuízo ademais da facultade recoñecida no artigo 3.d).

*Artigo 6. Resolución de discrepancias sobre a clase ou contido da información que se debe subministrar.*

A Comisión Nacional de Enerxía resolverá toda discrepancia existente entre a Oficina de Cambios de Subministrador e os distribuidores e comercializadores sobre a clase ou contido da información que se debe subministrar por estes a aquela, e sobre a clase e contido que deben intercambiar entre si distribuidores e comercializadores.

*Artigo 7. Xunta xeral.*

1. A xunta xeral réxese polo disposto neste real decreto, nos estatutos da sociedade e, se é o caso, no Regulamento da xunta xeral.
  2. Corresponde aos accionistas constituídos en xunta xeral decidiren, por maioría, nos asuntos propios que sexan competencia legal desta.
- Non obstante, será necesaria maioría cualificada cando así o determinen os estatutos.

*Artigo 8. Consello de Administración.*

1. A sociedade estará rexida e administrada por un Consello de Administración composto por 15 membros elixidos pola xunta xeral, ou polo propio Consello de Administración, de acordo neste último caso co artigo 138 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

A representación no Consello de Administración deberá gardar proporción coa participación a que fai referencia o artigo 2, sendo o criterio que se debe considerar o sinalado no número 2 do mesmo artigo.

2. Non obstante o anterior, en todo caso reservaranse no Consello de Administración dous postos, polo menos, para os socios minoritarios.

Entenderase a este respecto por socio minoritario todo aquel cuxa participación no capital da sociedade non lle outorgue dereito a designar polo menos un representante no Consello de Administración.

3. Salvo os casos en que os estatutos exixan maioría reforzada, todos os acordos se adoptarán por maioría absoluta dos conselleiros concorrentes. En caso de empate nas votacións será dirimente o voto do presidente.

*Artigo 9. Financiamento da Oficina.*

A Oficina de Cambios de Subministrador financiarase sobre a base das cotas dos seus socios, en proporción á súa respectiva participación no capital.

*Artigo 10. Centro de información sobre o cambio de subministrador.*

Crearase no seo da Oficina de Cambios de Subministrador un centro de información sobre o cambio de subministrador, que deberá ofrecer información gratuítasobre, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Procedemento de cambio.



- b) Requisitos e información para o cambio.
- c) Prazos e efecto do cambio.
- d) Relación de comercializadores, se é o caso, de último recurso.

Artigo 11. *Comisión Nacional de Enerxía.*

A Comisión Nacional de Enerxía supervisará o cumprimento da normativa e procedementos relacionados cos cambios de subministrador que se realicen, así como a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

Así mesmo, a Comisión Nacional de Enerxía poderá solicitar, mediante requirimentos concretos e individuais dirixidos ás empresas ou á Oficina de Cambios de Subministrador toda a información, coa desagregación e formato que determine, relativa aos cambios de subministrador, con exclusión en todo caso da información comercialmente sensible.

Disposición adicional única. *Representación de determinadas instalacións do réxime especial.*

Prorrógase a aplicación do disposto na disposición transitoria sexta do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, ata o 31 de outubro de 2009 e, en consecuencia, a data do 1 de xullo de 2009, establecida nos números 2, 3 e 4 da disposición adicional sétima e no número 2 da disposición transitoria quinta do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha do fornecemento de último recurso no sector da enerxía eléctrica, queda substituída pola do 1 de novembro de 2010.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a disposición adicional terceira e o anexo VII da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

Engádesse unha nova disposición adicional ao Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Verteduras á rede de enerxía eléctrica para consumidores que implanten sistemas de aforro e eficiencia.*

1. Os consumidores de enerxía eléctrica conectados en alta tensión que debido á implantación dun sistema de aforro e eficiencia enerxética dispoñan en determinados momentos de enerxía eléctrica que non poida ser consumida na súa propia instalación poderán ser autorizados excepcionalmente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a verter esa enerxía á rede sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que presenten certificado do xestor da rede a que estean conectados acreditativo de ter obtido o dereito de acceso para verter enerxía eléctrica de conformidade co previsto no título IV deste real decreto.
- b) Que presenten un proxecto das medidas de aforro e eficiencia que se adoptará, indicando a incidencia no seu consumo de enerxía eléctrica.

2. Para a facturación do fornecemento, a enerxía vertida a que se refire o punto anterior será descontada en cada hora da enerxía eléctrica adquirida polo

titular da instalación. O saldo horario resultante entre a enerxía eléctrica adquirida e a enerxía vertida á rede non será en ningún caso negativo.

3. A enerxía vertida, a que se refire o número 1, poderá ser obxecto de expedición das garantías de orixe de eficiencia que regulamentariamente se establezan.

4. Esta disposición non será de aplicación a instalacións de consumidores de enerxía eléctrica asociadas a procesos de coxeración.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.*

Os números 2 a 7 do artigo 43 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, quedan redactados do modo seguinte:

«2. As empresas distribuidoras deben dispor como soporte do sistema de intercambio de información dunha base de datos referidos a todos os puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, permanentemente completa e actualizada, en que consten polo menos os seguintes datos relativos ao punto de subministración:

1.º Código de identificación do punto de subministración, isto é, o «CUPS» completo.

2.º Empresa distribuidora, que debe incluír nome e código da empresa distribuidora.

3.º Localización do punto de subministración: enderezo, poboación e provincia, que inclúe enderezo completo (tipo de vía, nome da vía, número, piso e porta), nome da poboación, código postal e nome da provincia. Esta información débese referir en todo momento ao punto de subministración e non á localización, poboación e provincia do titular do dito punto de subministración que se exige no ordinal 16 deste mesmo número.

4.º Presión (en bares) da conexión do punto de subministración ás redes.

5.º Características do punto de subministración: tarifa ou peaxe actual ou prevista, caudal máximo contratado, se é o caso. Inclúe o nome da tarifa de acceso de terceiros ás redes segundo a modalidade de contratación en vigor no punto de subministración. Este nome débese corresponder co que conste na norma reguladora das tarifas en vigor en cada momento. Se é o caso, «Caudal máximo diario contratado» en kWh/día; de ser o caso, «Caudal horario» en kWh; e dereito a acollerse á tarifa de último recurso segundo a lexislación vixente na data da consulta: «Dereito a TUR» ou «Non dereito a TUR».

6.º Data da última revisión e da última inspección das instalacións receptoras individuais, así como o seu resultado. Inclúe o día, o mes e o ano da última inspección periódica ou da última revisión periódica, segundo corresponda, das instalacións receptoras individuais e o resultado da última inspección ou revisión: «Favorable» ou «Non favorable».

7.º Consumos dos dous últimos anos e caudais medidos periodificados segundo a facturación e, se é o caso, os caudais máximo e mínimo medidos con detalle mensual.

A información comprende con periodicidade mensual (excepto para aqueles puntos de subministración con lectura bimestral), desagregado nos períodos que rexistre en orixe o equipamento de medida, incluíndo a data de inicio e data de fin de lectura para cada período, e para os dous últimos anos naturais contados desde a data da consulta:

- a) «Consumo de enerxía» en kWh.
  - b) «Caudal medio» en kWh/día.
  - c) Se é o caso, «Caudal máximo diario medido» en kWh/día e con detalle mensual.
  - d) Se é o caso, «Caudal mínimo diario medido» en kWh/día e con detalle mensual.
  - e) Se é o caso, «Porcentaxe de consumo nocturno».
- 8.º Código identificador do equipamento de medida.
  - 9.º Características e propiedade do equipamento de medida, incluíndo disposición de telemida: «Si telemida» ou «Non telemida»; marca e modelo do contador; marca e modelo do corrector; tipo de corrector; tipo de propietario do equipamento de medida: «Empresa distribuidora» ou «Titular do punto de subministración».
  - 10.º Día, mes e ano do último cambio dos parámetros relativos á contratación da tarifa de acceso, podendo ser estes parámetros a tarifa de acceso en si mesma, o nivel de consumo de referencia aplicable ao cliente, os caudais contratados e a presión de fornecemento.
  - 11.º Día, mes e ano do último cambio de comercializador do consumidor.
  - 12.º Perfil de consumo aplicado pola distribuidora ao consumidor para a estimación do consumo.
  - 13.º A información relativa ás faltas de pagamento en que os consumidores incorresen, sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 29.2 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, e artigos 38 a 44 do seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.
  - 14.º Datos relativos ao titular do punto de subministración: persoa física ou persoa xurídica.
  - 15.º Nome e apelidos ou, se é o caso, denominación social e forma societaria, do titular do punto de subministración.
  - 16.º Enderezo completo do titular do punto de subministración. Esta información débese referir en todo momento ao titular do punto de subministración e non á situación, poboación e provincia do dito punto de subministración que se exige no ordinal 3.º deste mesmo número.
  - 17.º Información relativa ao uso do punto de subministración cando o titular é persoa física: «Vivenda habitual» ou «Non vivenda habitual».

As empresas distribuidoras que proporcionen en forma de código alfanumérico a información relativa ao nome da empresa distribuidora, nome da poboación do punto de subministración, nome da provincia do punto de subministración e nome da tarifa de acceso de terceiros ás redes, están obrigadas a proporcionar unha relación onde conste a correspondencia dos ditos códigos cos nomes concretos. O resto dos contidos deberá ser presentado por todas as empresas distribuidoras na forma descrita na relación anterior.

3. O código de identificación do punto de subministración porase en coñecemento da Comisión Nacional de Enerxía, para os efectos do desenvolvemento das súas funcións en relación coas propostas de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural.

4. As empresas distribuidoras e comercializadoras deberanse dotar dos sistemas informáticos necesarios que permitan a conexión entre sistemas e o intercambio da información, de maneira que se posibilite a consulta de datos da base de datos referenciada e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos suxeitos relacionados coa contratación.

As empresas distribuidoras deberán garantir o acceso ás bases de datos de puntos de subministración a través de medios telemáticos. En particular, as empresas distribuidoras deberán contar cos medios necesarios para que calquera comercializador ou a Oficina de Cambios de Subministrador, de acordo coa norma

reguladora do seu funcionamento, poida descargar e proceder ao tratamento dos datos referidos á totalidade dos puntos de subministración conectados ás redes do distribuidor e ás redes de transporte da súa zona, así como levar a cabo unha selección detallada dos puntos de subministración respecto aos cales quere acceder aos seus datos, en función das diferentes categorías de datos que compoñen as citadas bases.

As empresas distribuidoras non poderán establecer ningunha condición ao acceso e tratamento destes datos por parte dos comercializadores ou da Oficina de Cambios de Subministrador, nin exixir en ningún caso que estes lles proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos, entre eles o código universal do punto de subministración, CIF, NIF ou NIE do titular deste punto de subministración ou número de contrato en vigor de cada punto de subministración concreto para o cal desexen consultar a base de datos.

Sen prexuízo do dereito de acceso ás bases de datos a través de medios telemáticos, as empresas distribuidoras deberán remitir á Oficina de Cambio de Subministrador, ou aos comercializadores que o soliciten, os datos relativos a todos e cada un dos puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona a través dun soporte físico informático que permita a súa inmediata e efectiva disposición e tratamento, sen que resulte exixible, en ningún caso, que os comercializadores ou a Oficina de Cambios de Subministrador lles proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos. A empresa distribuidora deberá remitir esta información no prazo máximo de quince días desde a data de solicitude por parte da Oficina de Cambio de Subministrador ou do comercializador.

5. Os comercializadores inscritos na sección correspondente do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado, así como a Oficina de Cambios de Subministrador, de acordo coa norma reguladora do seu funcionamento, poderán acceder gratuitamente ás bases de datos de puntos de subministración de cada empresa distribuidora.

Os comercializadores que fagan uso da información que figura nas bases de datos de puntos de subministración das empresas distribuidoras, a teor do establecido nesta disposición, deberán garantir a confidencialidade da información contida nelas.

Aqueles a quen se refira esa información terán dereito de acceso aos seus datos contidos neste rexistro de forma gratuíta e, ademais, poderán prohibir por escrito aos distribuidores a difusión dos datos que sinalen expresamente. Neste caso a manifestación escrita do consumidor deberá constar expresamente na base de datos, correspondendo á Oficina de Cambios de Subministrador custodiar unha copia da dita solicitude.

Non obstante o anterior, no caso de que o cliente estea en situación de falta de pagamento non poderá prohibir a difusión do seu CUP e da información desta situación.

6. O incumprimento do disposto no número 4, así como o incumprimento reiterado e inxustificado dos prazos establecidos para levar a cabo o cambio de subministrador, terá a consideración de infracción grave de acordo co disposto no artigo 110.e) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

7. Habilítase expresamente o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións sexan necesarias para modificar os datos de carácter técnico a que fai referencia o número 2 deste artigo.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.*

O artigo 7 do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión, queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 7. *Sistema de información de puntos de subministración.*

1. As empresas distribuidoras deben dispor dunha base de datos referidos a todos os puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, permanentemente completa e actualizada, na cal consten polo menos os seguintes datos:

- a) Código universal de punto de subministración, isto é, o «CUPS» completo.
  - b) Empresa distribuidora, que debe incluír nome e código da empresa distribuidora.
  - c) Situación do punto de subministración, que inclúe enderezo completo (tipo de vía, nome da vía, número, piso e porta). Esta información débese referir en todo momento ao punto de subministración e non á situación, poboación e provincia do titular deste punto de subministración que se exige na alínea aa) deste mesmo artigo.
  - d) Poboación do punto de subministración, que inclúe o nome da poboación e o código postal. Esta información débese referir en todo momento ao punto de subministración e non á situación, poboación e provincia do titular do dito punto de subministración.
  - e) Nome da provincia do punto de subministración. Esta información débese referir en todo momento ao punto de subministración e non á situación, poboación e provincia do titular do punto de subministración.
  - f) Data de alta do fornecemento, que inclúe día, mes e ano en que se conectou o punto de subministración ás redes.
  - g) Tarifa en vigor de fornecemento ou de acceso. Debe constar o nome da tarifa básica ou tarifa de acceso de terceiros ás redes segundo a modalidade de contratación en vigor no punto de subministración. Este nome débese corresponder co que conste na norma reguladora das tarifas en vigor en cada momento.
  - h) Tensión (en voltios) da conexión do punto de subministración ás redes.
  - i) Potencia máxima (en kW) do punto de subministración, segundo consta no boletín de instalacións eléctricas emitido por un instalador autorizado.
  - j) Potencia máxima (en kW) do punto de subministración, segundo consta na acta de autorización de posta en marcha.
  - k) Clasificación do punto de subministración segundo os «Nomes de tipos de puntos de medida» actualmente en vigor, e definidos no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, a saber: «Tipo 1, 2, 3, 4 ou 5».
  - l) Dispoñibilidade de interruptor de control de potencia, onde se fará constar «ICP non instalado», ou «ICP instalado».
  - m) Nome do tipo de perfil de consumo segundo os tipos de perfil actualmente en vigor, e definidos no Resolución do 28 de decembro de 2006, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se aproba o perfil de consumo e o método de cálculo para efectos de liquidación de enerxía aplicables para aqueles consumidores tipo 4 e tipo 5 que non dispoñan de rexistro horario de consumo, ou a que estea en vigor en cada momento, a saber: «Tipo Pa, Pb, Pc ou Pd».
- Para potencias contratadas menores ou iguais a 15 KW, discriminación horaria: si ou non; para potencias contratadas maiores a 15 KW, tipo de discriminación horaria: DHX, sendo X o número de períodos.

n) Valor dos dereitos de extensión (en kW) que teña recoñecidos o punto de subministración.

ñ) Valor dos dereitos de acceso (en kW) que teña recoñecidos o punto de subministración.

o) Propiedade do equipamento de medida, que inclúe tipo de propietario do equipamento de medida: «Empresa distribuidora» ou «Titular do punto de subministración».

p) Propiedade de interruptor de control de potencia, que inclúe tipo de propietario do ICP: «Empresa distribuidora» ou «Titular do punto de subministración».

q) Potencias contratadas en cada período, e en función da tarifa básica ou a tarifa de acceso de terceiros ás redes, «Valor da potencia contratada (en kW) por período tarifario».

r) Data do último movemento de contratación para efectos tarifarios, que comprende día, mes e ano do último cambio dos parámetros relativos á contratación tarifaria (xa sexa en modalidade de tarifa básica ou en tarifa de acceso de terceiros ás redes), podendo ser estes parámetros a tarifa en si mesma, a potencia contratada, a tensión de conexión, o complemento por discriminación horaria e o modo de facturación.

s) Data do último cambio de comercializador que debe incluír día, mes e ano do último cambio de comercializador.

t) Data límite dos dereitos recoñecidos de extensión que debe incluír día, mes e ano dos dereitos recoñecidos de extensión.

u) Consumo dos dous últimos anos naturais (por períodos de discriminación horaria e meses). Esta información inclúe o consumo con periodicidade mensual (excepto para aqueles puntos de subministración con lectura bimestral), desagregado nos períodos que rexistre en orixe o equipamento de medida.

Para os dous últimos anos naturais contados desde a data da consulta inclúe: «Consumo de enerxía activa (en kWh)»; «Consumo de enerxía reactiva (en kVar)»; e «Potencia demandada (en kW)»;

Para os puntos de subministración sobre os cales a empresa distribuidora dispón de curvas de carga horarias dos consumos do punto de subministración, a información debe incluír as curvas de carga horarias correspondentes aos dous últimos anos.

v) Día, mes e ano da última lectura.

w) A información relativa ás faltas de pagamento en que os consumidores incorresen, sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 29.2 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, e artigos 38 a 44 do seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

x) Existencia e, se é o caso, importe do depósito de garantía suscrito polo titular do punto de subministración, ou inexistencia deste.

y) Datos relativos ao titular do punto de subministración: persoa física ou persoa xurídica.

z) Nome e apelidos, ou se é o caso denominación social e forma societaria, do titular do punto de subministración.

aa) Enderezo completo do titular do punto de subministración. Esta información débese referir en todo momento ao titular do punto de subministración e non á localización, poboación e provincia do dito punto de subministración que se exige na alínea c) deste mesmo artigo.

ab) Información relativa ao uso do punto de subministración cando o titular é persoa física: «Vivenda habitual» ou «Non vivenda habitual».

As empresas distribuidoras que proporcionen en forma de código alfanumérico a información relativa ao nome da empresa distribuidora, nome da poboación do punto de subministración, nome da provincia do punto de subministración, e nome da tarifa básica ou tarifa de acceso de terceiros ás redes, están obrigadas a



proporcionar unha relación onde conste a correspondencia dos ditos códigos cos nomes concretos. O resto dos contidos deberá ser presentado por todas as empresas distribuidoras na forma descrita na relación anterior.

2. As empresas distribuidoras deberanse dotar dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta de datos do rexistro de puntos de subministración e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións coa Oficina de Cambios de Subministrador, os consumidores, e os comercializadores de enerxía eléctrica.

As empresas distribuidoras deberán garantir o acceso ás bases de datos de puntos de subministración a través de medios telemáticos. En particular, as empresas distribuidoras deberán contar cos medios necesarios para que calquera comercializador ou a Oficina de Cambios de Subministrador, de acordo co establecido na norma reguladora do seu funcionamento, poida descargar e proceder ao tratamento dos datos referidos á totalidade dos puntos de subministración conectados ás redes do distribuidor e ás redes de transporte da súa zona, así como levar a cabo unha selección detallada dos puntos de subministración respecto aos cales quere acceder aos seus datos, en función das diferentes categorías de datos que compoñen as citadas bases.

As empresas distribuidoras non poderán establecer ningunha condición ao acceso e tratamento destes datos por parte dos comercializadores ou da Oficina de Cambios de Subministrador, nin exixir en ningún caso que estes lles proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos, entre eles o código universal do punto de subministración, CIF, NIF ou NIE do titular do dito punto de subministración ou número de contrato en vigor de cada punto de subministración concreto, para o cal desexen consultar a base de datos.

Sen prexuízo do dereito de acceso ás bases de datos a través de medios telemáticos, as empresas distribuidoras deberán remitir á Oficina de Cambios de Subministrador, ou aos comercializadores que o soliciten, os datos relativos a todos e cada un dos puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona a través dun soporte físico informático que permita a súa inmediata e efectiva disposición e tratamento, sen que resulte exixible, en ningún caso, que os comercializadores ou a Oficina de Cambios de Subministrador lles proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos. A empresa distribuidora deberá remitir esta información no prazo máximo de quince días desde a data de solicitude por parte da Oficina de Cambios de Subministrador ou do comercializador.

3. Os comercializadores inscritos na sección correspondente do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado, así como a Oficina de Cambios de Subministrador, de acordo coa norma reguladora do seu funcionamento, poderán acceder gratuitamente ás bases de datos de puntos de subministración de cada empresa distribuidora.

Os comercializadores que fagan uso da información que figura nas bases de datos de puntos de subministración das empresas distribuidoras, a teor do establecido nesta disposición e no artigo 45.1.i da Lei 54/1997, do sector eléctrico, deberán garantir a confidencialidade da información contida nelas.

Aqueles aos cales se refira a dita información terán dereito de acceso aos seus datos contidos neste rexistro de forma gratuíta e, ademais, poderán prohibir por escrito aos distribuidores a difusión dos datos que sinalen expresamente. Neste caso a manifestación escrita do consumidor deberá constar expresamente na base de datos, correspondendo á Oficina de Cambios de Subministrador custodiar unha copia da dita solicitude.

Non obstante o anterior, no caso de que o cliente estea en situación de falta de pagamento non poderá prohibir a difusión do seu CUP e da información da dita situación.

4. Os datos a que fai referencia o número 1 deste artigo deberán constar nas bases de datos referidas aos puntos de subministración conectados tanto a baixa como a alta tensión.

5. Habilitase expresamente o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións sexan necesarias para modificar os datos de carácter técnico a que fai referencia o número 1 deste artigo.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía.*

Engádesse o seguinte parágrafo ao final do número 2 do artigo 10 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía:

«Sen prexuízo do anterior, cando os consumos de enerxía eléctrica no interior da parcela, identificada polos catorce primeiros díxitos da referencia catastral, durante polo menos o 95 por cento das horas do ano sexa igual ou superior á produción nominal da instalación fotovoltaica que se pretende situar, a restrición recollida no primeiro parágrafo deste número para as instalacións de tipo I elevarase ata os 10 MW, aínda que, para os efectos da inscrición nunha convocatoria, se manterá o límite de 2 MW establecido no número 1 deste artigo. Este feito deberase xustificar suficientemente na solicitude de preasignación de retribución presentada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, e deberase basear en datos históricos de duración non inferior a 24 meses.»

Disposición derradeira quinta. *Títulos competenciais.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e o artigo 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución, polo cal corresponde ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira sexta. *Execución e aplicación.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que resulten indispensables para asegurar a adecuada execución e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Singapur o 19 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN